

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE, PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN INSTALACIÓNS E ESPAZOS DEPORTIVOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A SUBDIRECTORA XERAL DE XESTIÓN DEPORTIVA DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE,

DECLARA:

Que esta SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou coa DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 21 de setembro de 2017 ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, Secretaría Xeral para o Deporte, e a Deputación Provincial de Ourense a fin de posibilitar as obras de construción e/ou reforma das instalacións deportivas que se determinan no Anexo I do convenio e que se refiren o exercicio 2017 e 2018 sen perxuízo de que se poida ampliar dentro do período de vixencia deste convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deportes e, en particular, a promoción e execución de infraestruturas de titularidade municipal mediante convenios de colaboración coas administracións locais.



O marco da lexislación básica de réxime local, establecida pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece a competencia xenérica dos concellos en, entre outros ámbitos, os das actividades e instalacións deportivas (artigo 80.2 letra n), sinalando, a mesma norma, que é competencia propia da Deputación Provincial, entre outras, “coordinar os servizos municipais entre si para garantir a prestación integral e adecuada de servizos públicos en todo o territorio da provincia (...)”: artigo 109.1 letra a).

II. En base e para o exercicio destas previsións e habilitacións legais, e continuando coa exitosa liña de actuación marcada polo I, II, III e IV Convenio de Cooperación asinados entre a Xunta de Galicia e as Deputacións Provinciais sobre instalacións deportivas subscritos, respectivamente para os períodos 1992-1994, 1994-1997, 1997-2001 e 2004-2006, as Administracións signatarias, foron conscientes da ineludible necesidade de continuar traballando para a mellora da práctica deportiva na provincia de Ourense, satisfacendo así a demanda social existente, e por iso acordaron subscribir o mencionado Convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 4 de xaneiro de 2018.

(asinado dixitalmente)

